IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

RESOLUCIÓN do 15 de outubro de 2026 pola que se nomea o tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo de acceso por promoción interna (código de procedemento PR461F) nos corpos de Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector, convocado mediante a Orde do 11 de agosto de 2026 (Diario Oficial de Galicia número 158, do 21 de agosto).

De conformidade co establecido no artigo 6.2 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local, unha vez convocado o proceso selectivo de acceso por promoción interna (código de procedemento PR461F) nos corpos de Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector, mediante a Orde do 11 de agosto de 2026 (*Diario Oficial de Galicia* número 158, do 21 de agosto), posteriormente modificada por outra orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 166, do 2 de setembro, e por delegación do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes de acordo coa disposición adicional única da devandita Orde do 11 de agosto, a Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp),

DISPÓN:

Nomear o tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo de acceso por promoción interna (código de procedemento PR461F) nos corpos de Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector, coa composición que se detalla no anexo.

A Estrada, 15 de outubro de 2026

Santiago Villanueva Álvarez
Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

ANEXO

Proceso selectivo de acceso por promoción interna (código de procedemento PR461F) nos corpos de Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector

– Tribunal titular:

• Presidenta: Paula Cajaraville Leiro, fiscal da Fiscalía Provincial de Pontevedra.

CVE-DOG: bs9focq0-jtz3-esg6-jx20-b2qhtlkmqnd5

• Secretaria: Mónica María Castro Pérez, xefa do Servizo de Formación en Seguridade Pública da Agasp.

• Vogais:

Manuel Castro Escariz, inspector do corpo da Policía Local do Concello de Caldas de Reis.

Pablo Mirás Fernández, inspector do corpo da Policía Local do Concello da Coruña.

Daniel Sánchez Villaverde, intendente do corpo da Policía Local do Concello de Arteixo.

– Tribunal suplente:

• Presidente: Ángel Arjona Bernárdez, fiscal da Fiscalía Provincial de Pontevedra.

• Secretario: Constantino Grandío Rivas, persoal do subgrupo A2 de xestión da Xunta de Galicia con destino na Agasp.

• Vogais:

Fernando Lozano Selles, inspector do corpo da Policía Local do Concello do Barco de Valdeorras.

Miguel Puente Rapela, inspector do corpo da Policía Local do Concello da Coruña.

Francisco Carro Rey, inspector principal do corpo da Policía Local do Concello da Coruña.

CVE-DOG: bs9focq0-jtz3-esg6-jx20-b2qhtlkmqnd5